



Galiza atópase hoxe ante unha encrucillada histórica: debe escoller entre encetar o camiño da recuperación dos servizos públicos, dos sinais de seu e da administración dos recursos económicos e enerxéticos propios ou seguir afondando no actual proceso acelerado de desgaleguización e espolio da nosa terra e dos dereitos das súas xentes.

É urxente, pois, colocar o goberno galego ao servizo dos nosos intereses nacionais e de clase, pondo fin ás políticas do Partido Popular que converteron o noso país nun soar ermo ao servizo de beneficios alleos aos da maioría social e que poñen en risco a nosa subsistencia colectiva como nación diferenciada nas vindeiras décadas.

Os feitos amosan que só desde unha decidida aposta polo autogoberno é posíbel revertir a actual dinámica de retroceso cultural e dependencia económica. Só desde un goberno dirixido por unha forza soberanista é posíbel mudar o rumbo das políticas do PP que teñen como obxectivo converter o noso país en menos que un país, nunha despensa enerxética e nunha reserva de man de obra e capitais ao servizo do estado e dos grandes fondos de investimento.

Por esta razón, o BNG e Anova acordan principiar un proceso de colaboración que ten como obxectivo xuntar forzas para propiciar o cambio político que Galiza precisa con urxencia. Un proceso destinado a redimensionar nos vindeiros anos o soberanismo galego coa fin de afrontar con garantías, os desafíos que nos impoñen os procesos paralelos do neoliberalismo colonizador e as novas formas de expresión das dereitas extremas.

Por todo iso, facemos un chamamento ao conxunto da cidadanía galega a se mobilizar co seu voto no vindeiro 18 de Febreiro en defensa da democracia, para facer de Ana Pontón a primeira presidenta do noso país.

Ana Pontón Mondelo
Portavoz nacional
BNG

Martiño Noriega Sánchez
Portavoz nacional
ANOVA